

PUNTADA EN FÍO

A lúa prende a luz



Dossier

O grupo

Está formado por Xiana Lastra (voz), Juan Collazo (percusión) e Roberto Rama (saxo, gaita e frautas). Nace tras o paso dos seus compoñentes por diferentes formacións musicais, como o grupo de percusión *Odaiko*, *Fía na Roca*, *Os d'Abaixo* ou *O meu primeiro Celso Emilio* e *A miña primeira Rosalía*.

Amigos e compañeiros dentro e fóra dos escenarios, deciden montar un espectáculo en pequeno formato que lles permita chegar facilmente ó público, baseando o seu repertorio na música tradicional e de autor do noso país, aportando unha visión e unha sonoridade orixinal, creada en gran medida polos instrumentos que empregan sobre o escenario.



Nace nas Pontes o 12 de novembro de 1983. Comeza a cantar de moi nena no grupo de música infantil "Ledi-cia", ó que pertencerá ata os vinte anos.

Fixo estudos de piano no Conservatorio de Ferrol e asistiu a clases de canto coa mezzosoprano María Xosé Ladra e co profesor Ramón Bermejo. Actualmente é vocalista do grupo de percusión *Odaiko*, do grupo infantil *Pitusa Semifusa* e integrante do Coro da ra. Ademais, é directora dos proxectos "O meu primeiro Celso Emilio" e "A miña primeira Rosalía", editados por Xerais nos anos 2012 e 2013 e nos que compartiu escenario con Mini, Mero e María Manuela.

Nos últimos anos, impartiu obradoiros de técnica vocal e prestou a súa voz en varios documentais.

É licenciada en Xornalismo e en Comunicación audiovisual e directora da produtora audiovisual *Seispés Producións Creativas* desde o ano 2012.



Juan Collazo



Roberto Rama

Nace o 27 de Agosto de 1981, en Merza. Percusionista de dilatada experiencia, comeza tocando na Banda de Música de Merza, remata os estudos no Conservatorio Profesional de Música da Coruña, pasando polo Real Conservatorio de la Haya, de Holanda.

Cunha traxectoria profesional ligada á percusión étnica de raíz, colaborou en festivais como Steve Reich Festival (Holanda), Convención Internacional de Percusión de Taipei, Nancy Zeltsman Festival (EEUU), así como en diferentes proxectos de contemporáneo, en bandas de música, sinfónicas etc.

Na actualidade imparte clases no Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela, actividade que compaxina coa dirección do curso de percusión "MerzaPercusión", e formando parte de Odaiko Percussion Group (grupo do que foi cofundador en 2003).

Nace o 2 de xuño de 1983, en Calo- Teo. Dende moi novo comeza a súa relación coas bandas, primeiro na Banda de Música da Sociedade Recreativa de San Xoán de Calo como saxofonista e despois na banda de Gaitas "Estivada", desa mesma Sociedade Recreativa, como gaiteiro, da que tamén foi director entre maio e setembro do 2012.

Participa noutras formacións como Os Enxebres de Cacheiras ou Pradairo, no que ademais de instrumentista, tamén é arranxista e compositor.

A súa carreira defínese definitivamente coa súa entrada no coñecido grupo Fía na Roca, tocando a gaita, o saxo soprano e os whistles, viaxando por todo o mundo.

Son moitos os festivais internacionais nos que participa, como por exemplo o Festival Intercéltico de Lorient ou o Celtic Connections, entroutros.

Na actualidade é compoñente do grupo de música medieval Acibreira como gaiteiro e percusionista e gaiteiro e saxofonista na formación Os d'Abaixo.

Espectáculo "A lúa prendeu a luz"


A lúa predeu a luz

En maio de 2015 sae á rúa o primeiro traballo discográfico de Puntada Sen Fío, levando como título *A lúa predeu a luz*. Trátase dun disco formado por nove temas de moi diferentes estilos, partindo algúns do tradicional e sendo outros composicións propias, de autores da nosa terra ou traducións de cantigas escritas orixinariamente noutras linguas. Na liña habitual do grupo, destaca a sonoridade orixinada polos instrumentos que utilizan (saxo, vibráfono e pequenas percusións) e que puxeron en mans de Pedro Lamas, Roberto Somoza e Adrián Saavedra, que se ocuparon dos arranxos.

O fío conductor de *A lúa predeu a luz* é o tempo. Tódalas cantigas falan sobre el: narrando acontecementos clave da nosa historia, aconsellando as mellores fórmulas para afrontar o seu paso e non temer ao futuro, lembrando os amores que marcharon e non voltarán... letras profundas e de calado que non deixan a ninguén indiferente.

Ligazóns de interese:

- Videoclip "Eco": <https://www.youtube.com/watch?v=yldMZZIn9KY>
- Facebook: www.facebook.com/puntadasenfio



Contacto:

info@puntadasenfio.gal / info@seispes.com

Tel. 682-410-689 / 679-449-973

www.puntadasenfio.gal